

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI DOS DICES
ETAPA: PRIMARIA
MATERIA: RELIXIÓN
DATA:18/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles**

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Identificar na propia vida o desexo de ser feliz.	Coñece, respecta e coida a obra creada.
Recoñecer a incapacidade da persoa para alcanzar por si mesma a felicidade	Expresa con palabras propias o asomo polo que Deus fai.
Apreciar a bondade de Deus Pai que creou ao home con este desexo de felicidade.	Memoriza e reproduce fórmulas sinxelas de petición e agradecemento
Recoñecer e apreciar a relación paterno-filial entre Deus e o home.	Sinala e representa as características da amizade de Deus co home: coidado, protección, acompañamento, colaboración, etc
Relacionar lugares e acontecementos nos que Deus expresou o seu amor polos homes na vida de Xesús.	Nomea e asocia lugares e acontecementos importantes da vida de Xesús.
Coñecer e ordenar os principais momentos da paixón e morte de Xesús.	Nomea e secuencia representacións gráficas dos momentos esenciais da paixón, morte e resurrección de Xesús.

2º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles**

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Identificar na propia vida o desexo de ser feliz.	Toma conciencia e expresa os momentos e as cousas que lle fan feliz a él e ás persoas do seu entorno.
Apreciar a bondade de Deus Pai que creou ao home con este desexo de felicidade.	Valora e agradece que Deus o creou para ser feliz.
Entender o Paraíso como expresión da amizade de Deus coa humanidade.	Identifica e representa graficamente os dons que Deus fai ao home na creación.
Coñecer e valorar na vida dos Patriarcas os trazos de Deus Pai: protección, coidado ,acompañamento.	Asocia expresións e comportamentos dos Patriarcas nos relatos bíblicos a través de recursos interactivos.
Recoñecer e apreciar que Deus busca sempre a salvación do home.	Escoita e describe coas súas palabras momentos nos que Deus axuda ó pobo de Israel.
Coñecer e valorar a resposta de María a Deus.	Le, expresa, verbal ou graficamente, o relato da Anunciación.
Aprender o significado do tempo de Advento	Identifica os signos de Advento como tempo de espera.
Identificar o significado profundo do Nadal.	Coñece o relato do nacemento de Xesús e descubre na actitude e nas palabras dos personaxes o valor profundo do Nadal.
Recoñecer o Bautismo como medio para formar parte da Igrexa.	Coñece e explica coas súas palabras o sentido do Bautismo.
Observar e comprender os signos presentes na liturxia bautismal.	Asocia os elementos materiais da auga, a luz e o óleo co seu significado sacramental.

3º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Recoñecer e valorar que os seus pais, amigos e entorno son un don de Deus para a súa felicidade.	Enumera, describe e comparte situacións, persoas ou cousas polas que está agradecido/a.
Tomar conciencia de que as accións persoais achégannos ou sepáranos de Deus.	Distingue e enumera accións persoais que lle fan feliz ou infeliz.
Comprender que a elección que fai Adán e Eva é un rexeitamento ao don de Deus.	Le, identifica e explica coas súas palabras as consecuencias do rexeitamento de Adán e Eva ao don de Deus, descritas no relato bíblico.
Recoñecer e valorar os signos da amizade de Deus co seu pobo.	Interésase e agradece os signos do coidado de Deus na súa vida: a saúde, a familia, a escola, os amigos.
Asociar o Bautismo de Xesús co momento no que inicia a súa vida pública.	Narra os cambios que o Bautismo introduce na vida de Xesús.
Distinguir como Xesús fai felices ós homes cos seus xestos e accións.	Descubre e subliña nos relatos de milagres, os xestos e accións de Xesús que fan felices ós homes.

4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Identificar a necesidade do perdón para ser feliz.	Recorda e acepta situacións persoais ou sociais que necesitan de perdón.
Identificar a orixe do pecado nalgúns relatos bíblicos.	Sitúa no relato as frases que expresan a falta de colaboración na tarefa de Deus e o rexeitamento da amizade con Él.
Coñecer as características do perdón de Deus.	Descubre e enumera as características do perdón de Deus nalgúns relatos bíblicos.
Descubrir e valorar a razón pola que David sente a necesidade de redención.	Compara a actitude de David con situacións persoais nas que sentiu a necesidade de ser perdoado.
Recoñecer a iniciativa de Xesús polos máis necesitados e os enfermos.	Busca, subliña e comenta trazos da preferencia de Xesús polos máis necesitados e os enfermos, nos textos evanxélicos.
Explicar que a través do sacramento da Reconciliación Deus concede o perdón.	Coñece e explica as condicións para acoller o perdón de Deus.
Comprender e apreciar que, na súa paixón e morte, Xesús está cumprindo a vontade do Pai.	Secuencia ordenadamente escenas da Historia da Paixón e identifica as palabras de Xesús que expresan a súa relación co Pai.

5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles**

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Recoñecer e estimar que Deus creou á persoa humana con desexo de ben.	Localiza, a través de diversas fontes, biografías que mostran o desexo humano do ben.
Esforzarse por identificar que a adhesión ó ben xera felicidade.	Xustifica criticamente as consecuencias que se derivan de facer o ben.
Interpretar o significado da Alianza de Deus co pobo.	Define o termo bíblico de Alianza.
Comprender e respectar as características do pobo que Deus quere contidas no decálogo.	Clasifica e é consciente do contido do decálogo.
Coñecer e interpretar o significado dos milagres de Xesús como acción de Deus.	Selecciona, xustifica a elección e explica por escrito o significado dalgúns milagres.
Comprender que Deus rescata a Xesús da morte.	Sinala afirmacións das testemuñas recollidas nos primeiros capítulos dos Feitos dos Apóstolos onde se recoñece que a resurrección é acción de Deus.
Identificar o vínculo que existe entre a Última Cea e a paixón, morte e resurrección de Cristo.	Explica e valora o significado das palabras de Xesús na Última Cea.

6º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles**

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Avaliar circunstancias que manifestan a imposibilidade da natureza humana para alcanzar a plenitude.	Identifica e xulga situacións nas que recoñece a imposibilidade de ser feliz.
Recoñecer e aceptar a necesidade dun Salvador para ser feliz.	Busca, compara e comenta distintas expresións do desexo humano de salvación na literatura e música actuais.
Interpretar signos, en distintas culturas, que evidencian que a plenitude humana alcánzase na relación con Deus.	Descubre e explica por que os enterramentos, pinturas, ritos y costumes son signos da relación do home coa Divinidade.
Recoñecer que a relación con Deus fai á persoa máis humana.	Investiga e recolle acontecementos da historia onde se aprecia que o feito relixioso foi o motor de cambios para potenciar os dereitos humanos, a convivencia, o progreso e a paz.
Descubrir e apreciar a riqueza dos textos sapienciais na historia.	Identifica e valora expresións recollidas nos libros sapienciais que enriquecen e melloran á persoa.
Esforzarse por comprender que Xesús ten que vencer obstáculos externos para realizar a vontade de Deus.	Extrapolas as dificultades que tivo Xesús na súa vida para obedecer ao Pai con situacións que viven os seres humanos.

1. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Listas de control de cadernos ou libros. Listas de control de actitude de cara ó traballo.
	Instrumentos: Probas de avaliación das unidades, valoración do traballo diario ,observación da participación na aula,uso das TIC.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: A cualificación final do curso obterase tomando como referencia os resultados do 1º e 2º trimestre e atendendo aos criterios de cualificación propostos na programación didáctica. Esta nota poderá verse incrementada coa valoración das tarefas de reforzo realizadas no período de clases non presenciais.
Alumnado de materia pendente	Non hai alumnado con materia pendente.

1. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Repaso, reforzo e recursos interactivos.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Utilización da Aula Virtual Correo electrónico Plataforma Edixgal
Materiais e recursos	Fichas de actividades, recursos interactivos, libro dixital.

2. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<ul style="list-style-type: none"> • WhatsApp. • Correo electrónico. • Abalar móbil. • Classroom. • Blogs de aula. • Plataforma Edixgal. • Webex Cisco.
Publicidade	Na páxina web do centro CPI dos Dices.